



CG/pgm

Asunto	Solicitud de informe sobre o estudo de impacto ambiental	Clave	PE/PO/004/20(1)
Proxecto	Parque eólico Rodeira		
Espazo natural	Ningún		
Conca fluvial	Ulla		
Concello	Vila de Cruces		
Provincia	Pontevedra		
Solicitante	Servizo de Enerxía e Minas da Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	Ref.	IN408A 2019/04
Promotor	Green Capital Power S.L.	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante nota interior do 28.04.2020, do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a petición de informe para que posteriormente o órgano ambiental elabore o documento de alcance do estudo de impacto ambiental.

Con esta fin acompáñase a seguinte documentación:

- “Documento de inicio Parque Eólico Rodeira”. Vila de Cruces (Pontevedra). Asinado dixitalmente polo enxeñeiro industrial nº 1898 do ICOIIG, D. Eloy Prada Hervella (Resolve Enerxía), en Marzo de 2020. Consta dunha memoria e 7 planos.
- Arquivo en formato shape (.shp) coa información gráfica da posición dos aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada.

O 10.07.2020 a Dirección Xeral do Patrimonio Natural emitiu informe sobre o estudo de impacto ambiental do parque eólico de referencia, no que se informa que *“Á vista dos antecedentes, da análise da documentación e das achegas efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra, considérase que na elaboración final do estudo de impacto ambiental e para unha adecuada avaliación, análise e*



integración ambiental do proxecto co patrimonio natural e a biodiversidade, é adecuado que se tomen en consideración os aspectos recollidos neste informe, esencialmente os contidos nos apartados 11 e 12 do epígrafe anterior, III. Análise da documentación.

[.....]

Mediante escrito do 23.06.2022 do Servizo de Enerxía e Minas da Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, petición de informe co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental; na Lei 1/2021 de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia e demais normativa vixente de aplicación.

O promotor presenta o documento seguinte:

- ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL PARQUE EÓLICO RODEIRA. Agosto 2021

En consecuencia e a vista dos antecedentes, emítese o presente informe tendo en conta a documentación achegada así como a información obrante nesta dirección xeral.

II. Resumo do proxecto.

— Descrición do proxecto

Este proxecto foi presentado no ano 2020 coas seguintes características principais. As instalacións proxéctanse no termo municipal de Vila de Cruces, na



provincia de Pontevedra e esta formado por 5 aerogeradores tipo Siemens Gamesa G145 ou similar de ata 4,5 MW de potencia unitaria, cunha potencia de conxunto de 22,5 MW:

- ❖ Número de aerogeradores 5
- ❖ Potencia nominal unitaria (MW) 4,5
- ❖ Potencia total instalada (MW) 22,5
- ❖ Altura del buje (m) 127,5
- ❖ Diámetro do rotor (m) 145
- ❖ Producción media neta o vertida a red (MWh/año) 68.970
- ❖ Horas netas equivalentes a potencia nominal 3.065

Co fin de adecuar as instalacións proxectadas á contorna e ás condicións técnicas realizaranse unha serie de actuacións para optimizar a actividade, que se enumeran a continuación:

- ❖ Accesos y viales interiores.
- ❖ Cimentacións de aerogeradores.
- ❖ Plataformas de montaje.
- ❖ Gabias de canalizaciones para cableado.
- ❖ Torre anemométrica.
- ❖ Subestación y edificio de control.

Posteriormente presentouse un documento elaborado en 2021, onde este proxecto mostra unha importante modificación retirando un aerogerador e desprazando na zona tres aerogeradores, ou sexa, o parque eólico estará formado por 4 aerogeradores modelo GE158 ou similar de ata 5,5 MW de potencia nominal unitaria, sendo a potencia total do parque eólico de 22,0 MW. Instalarase tamén unha torre de medición eólica e será necesario tamén a construción dunha subestación.

PRINCIPALES CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS



- ❖ Número de aerogeradores 4
- ❖ Potencia nominal unitaria (MW) 5,5
- ❖ Potencia total instalada (MW) 22,0
- ❖ Altura do buxe (m) 161
- ❖ Diámetro do rotor (m) 158
- ❖ Produción media neta ou vertida a rede (MWh/ano) 60.553
- ❖ Horas netas equivalentes a potencia nominal 2.752 h

— **Accesos e viarios interiores**

O acceso ao parque eólico Rodeira realizarase desde a estrada provincial PO-205 que une a localidade de Silleda e Vila de Cruces. No punto quilométrico 10+660 desta estrada provincial atópase o desvío facía as poboacións de Susovila e Castrelo.

Actualmente este acceso atópase asfaltado e soamente haberá que facer actuacións de acondicionamento. Desde o punto quilométrico 10+660 da estrada provincial PO-205 accederase a todas as instalacións do parque eólico Rodeira sendo estas os 4 aerogeradores General Electric GE158, a torre de medición, campá de provisións, campá de dovelas e á subestación eléctrica Rodeira.

Estímase unha lonxitude de camiños totais aproximada de 3.336,53 metros dos cales, de nova construción serán 643,16 metros aproximadamente e de mellora dos camiños existentes serán 2.693,37 metros aproximadamente.

— **Cimentacións de aerogeradores e torre de medición**

O deseño e dimensións da cimentación de cada aerogenerador adaptaranse aos requirimentos do fabricante do aerogenerador e ás características xeotécnicas dos chans sobre os que se sitúen. As cimentacións previstas para os aerogeneradores realízanse mediante unhas zapatas troncocónicas de formigón armado. No caso do aerogenerador General Electric GE158 de 5,5 MW ou similar estímase que o troncocono terá un diámetro de base inferior de 22,60 m e un diámetro de 4,24 m de base superior e 3,30 m de altura.



— **Plataformas de montaxe**

Xunto a cada aeroxerador prevese construír unha área de manobra, á que se denominará plataforma de montaxe, necesaria para a localización de guindastres e camións empregados no izado e montaxe do aeroxerador.

Para o deseño das plataformas de montaxe dos 4 aeroxeradores seguíronse as prescricións do fabricante General Electric, que veñen determinadas polas dimensións dos vehículos, a maniobrabilidade destes e a necesidade de superficie libre para a provisión dos materiais.

No caso do modelo GE158 as dimensións das plataformas de montaxe serán aproximadamente de 50x31 m² necesaria para a localización de guindastre principal. Ademais, necesitarase unha superficie de 101x30 m para a zona de preparación das pas antes do izado, unha zona de 181x21 m para o posicionamento dos guindastres auxiliares e montaxe da pluma do guindastre.

— **Gabias**

As gabias terán por obxecto aloxar as liñas subterráneas de 30 kV que conectan os aeroxeradores, a liña de baixa tensión que alimentará a torre de medición, a liña de comunicacións e a liña de terra que interconecta todos os aeroxeradores do parque coa Subestación Transformadora Rodeira 132/30 kV onde se conectará o parque eólico Rodeira de 22 MW.

A lonxitude dos viales novos serán de 643,16 m, viales acondicionados: 2.693,37 m e as gabias de cableado 8.832 m².

— **Torre meteorolóxica**

Instalarase unha torre meteorolóxica co fin de servir de referencia para a correcta regulación e control do parque eólico. A torre de medición será autosoportada de celosía de 161 metros de altura equipada con catro anemómetros ás alturas de torre de 161 e 140, 120 e 100 metros e de tres cataventos ás alturas de medición da torre de 161, 140 e 120 metros a caracterización da torre de medición quedará da seguinte maneira:

- ❖ Altura 161, 140 e 120 metros: 1 anemómetro e 1 catavento.



❖ Altura 100 metros: 1 anemómetro.

— Subestación e edificio de control

A subestación está proxectada para recoller a enerxía xerada polo parque eólico Rodeira (22 MW), e elevará a súa tensión de xeración de 30 kV mediante unha posición de transformador, a 132 kV tensión de evacuación da posición de liña proxectada.

— Liña da evacuación

Desde a subestación do parque eólico Rodeira evacuarase a enerxía xerada a través dunha LAT 132 kV, á cal se entronca outra LAT 132 kV que chega desde o parque eólico Cunca. Esta LAT continúa ata a SET Colectora Silleda, onde se transformará de 132 a 400 kV e evacuarase ata a subestación de Rede Eléctrica de España SET Silleda 400 kV. As LAT 132 kV, a subestación colectora e a LAT de ligazón de 400 kV forman parte dun proxecto independente, xa en trámite ante a administración, denominado "Solución de Evacuación Conxunta dos PPEE Cunca e Rodeira".

— Exame das alternativas

O alternativa cero ou de non execución do proxecto.

Na alternativa 1 expónse a construción dun parque eólico formado por 5 aeroxeradores modelo SIEMENS-GAMESA SG145 ou similar de ata 4,5 MW de potencia nominal, formando un parque eólico de 22,5 MW de potencia total. Axústase a área de afección da poligonal do parque eólico a 1.199,85 ha.

A alternativa 2 baséase na modificación da localización preliminar do parque eólico Rodeira, na cal se expón reducir o número de aeroxeradores de 5 a 4 utilizando a máquina GE158 de 5.5 MW de potencial nominal, formando un parque eólico de 22,0 MW de potencia total, e axústase a área de afección da poligonal do parque eólico a 1.324,8 ha.

En resumo, segundo as análises realizadas, considérase que a alternativa 2 sería a seleccionada como óptima primando a maximización do aproveitamento do recurso eólico e a minimización da afección ambiental en todas as fases do proxecto.



III. Analise da documentación

Examinada a documentación recibida, realízase a seguinte análise:

1. O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, nin na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
2. A zona onde se desenvolve o proxecto non se atopa en ningún espazo que, neste momento, se atope en estudo na Dirección Xeral de Patrimonio Natural por reunir importantes valores ambientais.
3. O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
4. Revisado o Inventario de humidaís de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidaís protexidos e se crea o Inventario de humidaís de Galicia, obsérvase que, o desenvolvemento do proxecto no afecta zonas húmidas inventariadas.
5. A poligonal do proxecto (parcialmente) e aeroxerador RO3 inclúese dentro das áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia nas que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.
6. A actuación prevista, seguindo a traza da gabia do cableado de leste a oeste, cruza as seguintes canles fluviais:





Regato / río	Distancia
Rego de Oirós	240 metros
Rego do Porto de Lamas	208 metros

7. De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), na zona de actuación y donde solo afecta ao aeroxerador RO4 localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios (*):

Código UE	Prioritario	Denominación
4030	Non	Uceiras secas europeas
4090	Non	Brezais orodmediterráneos endémicos con toxo

8. No ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.
9. Segundo se deriva da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a cuadrícula na que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 29TNH63) correspóndese coa área de distribución das seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

❖ Fauna

Especie	CGEA
ANFIBIOS	
<i>Chioglossa lusitanica</i>	V
<i>Rana iberica</i>	V
<i>Rana temporaria</i>	V
INVERTEBRADOS	
<i>Oxygastra curtisii</i>	V
<i>Elona quimperiana</i>	E
<i>Macromia splendens</i>	E
<i>Margaritifera margaritifera</i>	E
PEZ/AGNATO	
<i>Petromyzon marinus</i>	V(3)
AVES	





Especie	CGEA
<i>Milvus milvus</i>	E
<i>Gallinago gallinago</i>	E(1)
<i>Vanellus vanellus</i>	E(1)
<i>Scolopax rusticola</i>	V (1)
<i>Circus pygargus</i>	V
<i>Circus cyaneus</i>	V
MAMÍFEROS	
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	V
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	V
<i>Myotis myotis</i>	V
<i>Galemys pyrenaicus</i>	V
<i>Myotis emarginata</i>	V

(E) En perigo de extinción.

(V) Vulnerable.

(1) Poboación nidificante.

(2) Poboacións insulares.

(3) Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro: dende cabo Ortegal ata as illas Sisargas, Cantábrico: de cabo Ortegal ata o río Eo, incluído.

(4) Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e poboacións de montaña da provincia de Ourense.

(5) spp. *schoeniculus*.

Non obstante, cabe salientar que os datos sinalados anteriormente están referidos a información asociada a unha cuadrícula 10x10 km, polo que unicamente proporciona unha primeira aproximación de cara á realización da análise. Cabe indicar para o *Vanellus vanellus* que, segundo o "Atlas de aves reproductoras" publicado polo MITECO en 2003, non é previsible encontrar parellas nidificantes nesta zona.

10.O proxecto non está incluído dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas.

11. A zona de actuación non se localiza dentro do ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

12. Con respecto ao EsIA do parque eólico cabe facer as seguintes observacións por parte desta dirección xeral:

✧ Flora





Durante as visitas realizadas ás infraestruturas de evacuación e os parques eólicos, non se identificou especies de flora protexidas por lexislación vixente. A trazos xerais, como se indica no apéndice 2, na maioría da superficie sobre a que se atopan as infraestruturas e instalacións avaliadas, predomina o terreo desarborado, correspondéndose a cultivos, prados e matogueiras.

Con respecto aos tipos de bosques, os dominantes son os bosques de coníferas con predominio de *Pinus pinaster*, estando presentes os bosques de frondosas repartido como bosques mixtos de frondosas autóctonas de carballo, bidueiros e bosques de ribeira, e tamén bosques mixtos con mesturas de coníferas e frondosas autóctonas e alóctonas. As conclusións principais obtidas de inventario de hábitats realizado para o estudo de efectos acumulados son as seguintes: o hábitat predominante na zona de estudo constitúeno os "brezales secos europeos", con máis do 81%, os outros tipos máis habituais son os brezais oromediterráneos endémicos con aliaga representando preto do 8%, os robledales galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* representan o 5%, os bosques aluviales de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* representan un 4% e os brezais húmidos atlánticos representan un 2% da superficie total.

Despois do proceso de revisión bibliográfico, realizáronse 2 días de visitas ao campo, 18 de agosto de 2020 e o 7 de abril de 2021, no emprazamento comprobouse que a cuberta vexetal existente actualmente na área de estudo está moi ligada ao uso do chan levado a cabo pola poboación, dominando unha paisaxe no que predominan o mosaico de prados e cultivos, e plantacións forestais de eucaliptos e piñeiros, con presenza en certas zonas de matogueira, constituído, na súa maioría, por toxo, así como presenza de caducifolias dispersas próximas a núcleos poboacionais, ríos e prados. Referente as rozas, en cumprimento da Lei 3/2007, do 9 de abril, podería ser necesario segundo o EsIA rozar e tallar a vexetación incluída nun diámetro de 200 m dos aeroxeradores (art. 20), ademais da subestación eléctrica ou centro de transformación (50 m), así como a denominada "rúa de seguridade" das liñas alta tensión. Este aspecto condicionou o ámbito de estudo definido no inventario ambiental, e afectaría nun 39% a terreo arborizado e un 61% a





desarbolado pertencendo a cultivos, prados e matogueira. Os bosques dominantes son os bosques de coníferas cun 20 % da superficie do ámbito de estudo, sendo estes de *Pinus pinaster* principalmente. Os bosques de frondosas representan o 7% da superficie do ámbito de estudo, repartido como bosques mixtos de frondosas autóctonas, robledales (preto do 3%), bidueirais e bosques de ribeira (sendo aproximadamente o 1%). Non está detallado a forma de facelo no EsIA.

Falta a cartografía das medidas a adoptar con respecto das redes primarias das faixas de xestión da biomasa vexetal existente na contorna onde se van a desenvolver as obras, segundo o artigo 20 bis.c) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Con dous días de traballo de campo (18 de agosto de 2020 e ou 7 de abril de 2021) para comprobar os datos da revisión bibliográfica (Dupont ex Rivas-Martínez 1979) non é suficiente tempo como para afirmar que a vexetación estudada hai varios anos na área de influencia deste proxecto na actualidade atópanse nas mesmas condicións, razón pola cal se debe realizar un estudo máis exhaustivo da mesma.

❖ Avifauna

No EsIA "ANEXO VII PLANES DE SEGUIMIENTO ESPECÍFICOS".

— Censo de paseriformes

Para o censo das aves paseriformes presentes no parque utilizarase o método de transecto ou taxiado (Tellería 1986), por ser o método que mellor se axusta ás características botánicas e topográficas da área de estudo. Establecéronse dous itinerarios tentado ocupar todos os hábitats presentes na área de estudo. Se establece a ambos os dous lados da liña de progresión unha banda de censo de 20 m.

— Estacións de observación de aves rapaces

Para o censo das aves rapaces empregaranse estacións de censo, uns dos métodos máis usados para a estimación da comunidade, abundancia e tendencia das aves presentes nunha zona determinada (Reynolds et ao.





1980, Tellería 1986, Blondel et ao. 1981). Para caracterizar a comunidade de aves rapaces e o uso do espazo dentro da área de estudo, emprazáronse dúas estacións de observación, na cal se rexistrarán todos os contactos de aves durante un período de 30 minutos, dentro dun radio de 800 m a partir do punto de observación (Young et ao. 2002).

A comunidade faunística existente no ámbito de estudo, así como os datos obtidos na campaña anual de seguimento preoperacional. Especificamente, en canto á fauna inventariada en campo durante a campaña que abarca o ciclo anual das especies potencialmente existentes no ámbito de estudo, detectáronse un total de 41 especies, incluíndo 36 especies de aves (30 passeriformes, 2 columbiformes (*Columba palumbus* e *Streptopelia turtur*), 2 piciformes (*Picus viridis* e *Dendrocopos major*), 1 cuculiforme (*Cuculus canorus*), e 1 accipitriforme (*Buteo buteo*); e 5 mamíferos, todos eles morcegos: os morcegos anano ou común (*Pipistrellus pipistrellus*), de Nathusii (*Pipistrellus de Nathusii*), o orejudo gris (*Plecotus austriacus*), de cova (*Miniopterus schreibersii*) e o morcego rabudo (*Tadarida teniotis*).

No anexo 8 presenta un censo de especies e táboas de densidades de varios parques eólicos incluído o de Rodeira, pero non adxunta planos coa orientación e altura de voo nin de zonas de concentración das aves, tampouco valorase os impactos por colisión, especies con voo frecuente sobre cada aeroxerador, así poder avaliar e establecer a posibilidade de modificar a posición daqueles aeroxeradores que poidan ter unha afección importante a estas especies.

— Quirópteros

Con respecto aos morcegos detectáronse 5 especies nas estacións de escoita: o morcego anano ou común (*Pipistrellus pipistrellus*), o morcego de Nathusii (*Pipistrellus nathusii*), o morcego orejudo gris (*Plecotus austriacus*), o morcego de cova (*Miniopterus schreibersii*) e o morcego rabudo (*Tadarida teniotis*). As cinco especies atópanse incluídas na Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial regulado polo Real Decreto





139/2011, do 4 de febreiro, ningunha delas catalogada como especie vulnerable ou en perigo de extinción.

— Sinerxias.

As infraestruturas para contemplar no Estudo de Efectos Acumulativos (EsEA) pertencentes ao Promotor ou empresas do grupo, e as súas características máis destacadas ao presente obxecto, son os seguintes.

- ✦ Parque Eólico Alborín (3 aerogeneradores en el Concello de Rodeiro).
- ✦ Parque Eólico Carballeda (5 aerogeneradores en los concellos de Rodeiro y Agolada).
- ✦ Parque Eólico Cunca (5 aerogeneradores en el Concello de Vila de Cruces).
- ✦ Parque Eólico Estivada (8 aerogeneradores en los concellos de Antas de Ulla y Agolada).
- ✦ Parque Eólico Monte Do Outeiro¹ (6 aerogeneradores en el Concello de Agolada).
- ✦ Parque Eólico Pescoso (5 aerogeneradores en los Concello de Rodeiro y Agolada).
- ✦ Parque Eólico Rodeira (4 aerogeneradores en el Concello de Vila de Cruces).
- ✦ Parque Eólico Turubelo (5 aerogeneradores en los concellos de Agolada y Rodeiro).
- ✦ Parque Eólico Zamorra (7 aerogeneradores en el Concello de Agolada).
- ✦ Parque Eólico Cima de Vila² (9 aerogeneradores en el Concello de Agolada).
- ✦ Solución de Evacuación Conjunta PE Cunca y PE Rodeira (7.000 m en los concellos de Vila de Cruces, Silleda y Lalín).





- ÷ LAT 132 kV SET PE Turubelo – LAT 132 kV SET PE Rodeira /SET Colectora Silleda (20.900 m en los concellos de Vila de Cruces, Lalín y Agolada).
- ÷ LAT 132 kV Evacuación PE Monte do Outeiro (2.900 m en el Concello de Agolada).
- ÷ Solución Evacuación Conjunta PE Zamorra, PE Estivada y PE Carballeda (18.300 m en los concellos de Agolada y Antas de Ulla).
- ÷ LAT 30kV CS Pescoso – SET Turubelo (1.405 m en los concellos de Agolada y Rodeiro).
- ÷ LMT 30 KV PE Alborín (4.879 m en los concellos de Agolada y Rodeiro).
- ÷ LAT 132 kV PE Cima de Vila (9.630 m en los concellos de Vila de Cruces, Agolada y Lalín).

Todos os proxectos actualmente se atopan en tramitación.

Os demais proxectos para contemplar non pertencentes ao Promotor (Extraídos do Rexistro Eólico de Galicia e do visor do Plan Básico Autonómico) e as súas características máis destacadas son os seguintes:

- ÷ Parque Eólico Espada (7 aerogeneradores en el Concello de Agolada).
- ÷ Parque Eólico 249. Monte Carrío II (2 aerogeneradores en el Concello Lalín).
- ÷ Parque Eólico Axouxere3 (5 aerogeneradores en el Concello Vila de Cruces).
- ÷ Parque Eólico Farelo (18 aerogeneradores en los Concellos de Agolada, Antas de Ulla y Rodeiro).
- ÷ Parque Eólico Maxal (9 aerogeneradores en los concellos de Antas de Ulla, Rodeiro y Taboada).
- ÷ Parque Eólico Mesada (3 aerogeneradores en el Concello de Vila de Cruces).



- ✦ Parque Eólico Monte Carrio (MONTE CASTELO) (37 aerogeneradores en los concello de Lalín y Vila de Cruces).
- ✦ Parque Eólico Orrea4 (10 aerogeneradores en el Concello de Agolada).
- ✦ Parque Eólico Singular Agolada (1 aerogenerador en el Concello de Agolada).
- ✦ Parque Eólico Serra do Farelo (6 aerogeneradores en los concellos de Agolada y Antas de Ulla).
- ✦ Parque Eólico Suime (6 aerogeneradores en el Concello de Rodeiro).
- ✦ Parque Eólico Tenzas do Aire (4 aerogeneradores en el Concello de Rodeiro).

Ademais dos proxectos anteriormente mencionados tamén se teñen en conta as Liñas de Alta Tensión doutros titulares (LAT 66kV C1 CHA LAL 66 [109], LAT 220kV C1 POR TIP 220 [11], LAT 220Kv C1 POR TIB 220 [39], A LAT 400Kv C1 MES2 CAR 400 e LAT 400Kv C2 MES2 CAR 400, extraídas do Visor do Plan Básico Autonómico de Galicia (dependente da Xunta de Galicia). Todos estes proxectos actualmente atópanse en diferentes estados de tramitación: En Explotación ou Autorizados, En tramitación e Nova Solicitud.

En canto ás sinerxias, os aerogeneradores atópanse cun buffer de máis dun km².

IV. Conclusións.

Á vista dos antecedentes e da análise da documentación, conclúese que **o estudo de impacto ambiental presenta carencias acusadas que impiden dar por válida a identificación, descrición, análise e/o cuantificación feita dos posibles efectos significativos do proxecto sobre o conxunto de elementos do patrimonio natural e a biodiversidade e, por tanto, emítese informe desfavorable.**



É necesario engadir que é responsabilidade do promotor, de acordo co establecido no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a elaboración do estudo de impacto ambiental.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas